

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2024/19	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	07 de xuño de 2024
Duración	Dende as 13:38 ata as 14:45 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula M ^a Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Antonio Ferro Losada	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 31.05.2024	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 31 de maio de 2024.

Expediente 911/2024. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 4 de xuño, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha familia usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade social e solicita o apoio económico para sufragar o custe dun electrodoméstico.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago dun frigorífico.

Segundo.- Aprobar o pago delegado a Ferretería Valiño S.L. e que se corresponde coa factura número 24/518 por importe de 259,00 € con cargo á aplicación presupostaria correspondente.

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 877/2024. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 31 de maio, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha familia usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade derivada dunha causa sobrevida

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pagamento dunha factura.

Segundo.- Aprobar o pago delegado a Dona Lidia Fuerte Casal con DNI ***383*** da factura nºA41/2024.

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 408/2024. Devolución de garantía.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a comunicación de saca de madeira realizada por Manuel Bouzas Collazo en representación de Manuel Bouzas Pereriras y Cia de data 05/03/2024

Vista a constitución da garantía, o xustificante obra no expediente, realizada o 05/03/2024, polo importe establecido na Ordenanza municipal para a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais, en relación coas operacións de saca de madeira.

Visto que o 22/03/2024 a antedita empresa, comunica o remate de saca e solicita a devolución da garantía.

Vistas as fotos aportadas onde se reflicte o estado dos viarios municipais unha vez finalizados os traballos desenvolvidos pola empresa madeireira.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Devolver a garantía (1500€) á empresa Manuel Bouzas Pereriras y Cia

Expediente 903/2024. Expediente de contratación da obra denominada: “MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DO PARQUE EMPRESARIAL AREA 33”

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a Resolución de concesión de subvención concedida para a execución da obra denominada “MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DO PARQUE EMPRESARIAL AREA 33” subvencionada ao ORDE do 4 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento IN519B), pendente de cofinanciación ao abeiro do Programa Mais Provincias da Deputación de Pontevedra.

Visto o Proxecto redactado polo enxeñeiro Román Gómez Fraiz denominado: Visto o Proxecto redactado polo enxeñeiro Román Gómez Fraiz denominado: “MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DO PARQUE EMPRESARIAL AREA 33” por importe de 145.138,39 euros, IVE engadido

Vista a procedencia de solicitar autorizacións sectoriais e o cumprimento da normativa urbanística:

Consellería de Infraestructuras e Mobilidade -Augas de Galicia-.

Un tramo del acceso por el margen izquierdo y la salida por el margen derecho a la carretera N-525 P.K. 301+780 discurren por la zona de policía de cauces del “Regato de Mera”.

Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible.

Las actuaciones en el parque empresarial discurren con la carretera nacional N-525 entre el P.K. 301+100 y el P.K. 301+780.

Visto que constan presentadas ambas solicitudes.

Visto o informe positivo de supervisión do proxecto de conformidade co disposto no artigo 235 do LCSP.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Iniciar o expediente de contratación da obra denominada: “MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DO PARQUE EMPRESARIAL AREA 33” por importe do valor estimado do contrato de 119.949,08 € polo procedemento aberto, considerando o máis axeitado tendo en conta os criterios de adxudicación que se pretenden empregar.

SEGUNDO.- Aprobar o proxecto “MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DO PARQUE EMPRESARIAL AREA 33” por importe de 145.138,39 euros, IVE engadido nos termos do artigo 233 Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, e de conformidade coa da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

TERCEIRO.- Que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

CUARTO.- Que por parte da Secretaría municipal se proceda a emitir informe xurídico preceptivo na aprobación aos pregos de cláusulas administrativas particulares, de conformidade co artigo 122.7 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, así como ao expediente de contratación de conformidade co disposto na DA3ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

QUINTO.- Que por parte da Intervención deste Concello se proceda á fiscalización do contido de ditos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, aos efectos previstos no apartado 3 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

SEXTO.- Que se proceda a efectuar o replanteo do Proxecto para a súa incorporación ao expediente de contratación.

Expediente 909/2024. Expediente de contratación da obra denominada: "AMPLIACIÓN DE PARQUE INFANTIL EN BANDEIRA(SILLEDA)"

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o Proxecto redactado polo arquitecto MANUEL ABELLEIRA ARGIBAY denominado: "AMPLIACIÓN DE PARQUE INFANTIL EN BANDEIRA(SILLEDA)" por importe de 54.369,28 € euros IVE engadido.

Visto o informe positivo de supervisión do proxecto AMPLIACIÓN DE PARQUE INFANTIL EN BANDEIRA. SILLEDA" que obra no expediente 909/2024, coa seguinte conclusión: "...revisada a documentación do "AMPLIACIÓN DE PARQUE INFANTIL EN "BANDEIRA(SILLEDA)" do Concello de Silleda, conforme ao establecido no artigo 136 do Regulamento da Lei de Contratos, conclúese que o mesmo contén todos os apartados esixidos no artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, polo que, salvo vicios ocultos, considérase que cumpre co establecido nas normas contractuais e as que regulan o proceso de supervisión,pode continuar a tramitación do expediente aos efectos oportunos."

Visto o informe de non afección sectorial asinado polo arquitecto redactor do proxecto no que se recolle que: "... Se la parcela objeto del proyecto de ampliación del parque infantil, se emplaza en la Praza de A Feira en A Bandeira, Concello de Silleda, dicho proyecto se está cursando bajo el número de expediente municipal 521/2024.Y que en dicho expediente no se observa la incidencia de ningún informe sectorial.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de contratación da obra denominada: "AMPLIACIÓN DE PARQUE INFANTIL EN BANDEIRA(SILLEDA) por importe do valor estimado do contrato de 44.933,29 € polo procedemento aberto super simplificado, considerándoo o máis axeitado tendo en conta os criterios de adxudicación que se pretenden empregar.

SEGUNDO.- Aprobar o proxecto *AMPLIACIÓN DE PARQUE INFANTIL EN "BANDEIRA (SILLEDA)" *por importe de 54.369,28 € euros, IVE engadido, nos termos do artigo 159.6 Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, e de conformidade coa da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

TERCEIRO.- Que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

CUARTO.- Que por parte da Secretaría municipal se proceda a emitir informe xurídico preceptivo na

aprobación aos pregos de cláusulas administrativas particulares, de conformidade co artigo 122.7 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, así como ao expediente de contratación de conformidade co disposto na DA3ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

QUINTO.- Que por parte da Intervención deste Concello se proceda á fiscalización do contido de ditos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, aos efectos previstos no apartado 3 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

SEXTO.- Que se proceda a efectuar o replanteo do Proxecto para a súa incorporación ao expediente de contratación.

Expediente 910/2023. Licenza de instalación de distribución ao por menor de produtos petrolíferos en réxime de desatendido (dous surtidores).

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación.
- Lei 1/2021, de 08 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBAG).
- Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado definitivamente mediante Orde do 23 de decembro de 2022 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro de 2023), con publicación normativa e entrada en vigor o 08 de maio do 2023 (BOP núm. 87, do 08 de maio de 2023) (En adiante PXOM do Concello de Silleda)

ANTECEDENTES:

1º.- Con data de 26/05/2023, **PLENOIL S.L.**, solicita licenza de obra nova para construción dunha unidade de subministro de combustible desatendida situada no Lg. Agro do Campo, s/n; esquina EP-7201/N-525, concello de Silleda, (Referencia catastral 36052K507106320000EE), achegando **Proxecto técnico asinado polo enxeñeiro industrial Carlos Prego Mosquera** (colexiado COIIG 2.349) e co visado colexial 20231684 de data 25/05/2023. Apórtase asemade:

- Pre-solicitude para a tramitación de servidumes aeronáuticas.
- Xustificante de solicitude de autorización de incidencia ambiental.
- Xustificante de solicitude de autorización á Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.
- Xustificante de solicitude de autorización de accesos á Deputación de Pontevedra.
- "*Proxecto de obras e instalación de nova unidade de subministro (dous surtidores)*" asinado polo enxeñeiro industrial Carlos Prego Mosquera, o 25.05.2023. Visado polo colexio oficial correspondente o 25.05.2023 (núm.20231684).

Consta no expediente a autorización de D. Jose Rodríguez de Arellano Asensi, en nome e representación da mercantil Plenoil SL, con NIF: B93275394 a D. Luis laderosa García, maior de idade e DNI 54125510-R, en nome e representación da entidade INGENIERÍA Y PROYECTOS CONFORMA S.L. con CIF B-70205521 para actuar en representación de PLENOIL SL con NIF: B93275394 ante a autoridade do Concello de Silleda.

2º.- Con data de 19/06/2023, achégase "*Modificado do Proxecto de obras e instalación de nova unidade de subministro (dous surtidores)*", asinado por Carlos Prego Mosquera o 14.06.2023. Visado o 16.06.2023 (núm. 20231939) de data 16/06/2023, así como **proxecto modificado de accesos** asinado pola enxeñeira de caminos, canles e portos Lucrecia Rey Campos (colexiada 30422) e o exeñeiro de obras públicas Rubén Jimenez Paradelo (colexiado 26568). Ambos substitúen os proxectos rexistrados con data 26/05/2023. Apórtase asemade:

- Xustificante de pago taxas e ICIO.
- Nomeamento de dirección de obra e dirección de execución a cargo do técnico redactor do proxecto, Carlos Prego Mosquera, visado o 06.06.2023 (núm. 20231804).
- Nomeamento de coordinador de seguridade e saúde, a cargo da arquitecta técnica María José González Vicente, colexiada núm. 2.843. Visado polo colexio oficial con código VN23001413 o 29.05.2023.
- Novo xustificante de solicitude autorización de incidencia ambiental.
- Xustificante de solicitude de autorización hidroeléctrica Silleda.
-

3º.- Con data 20/06/2023, PLENOIL S.L., achega xustificante de nova tramitación de solicitude de autorización na Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

4º.- Con data 30/06/2023, a Deputación de Pontevedra emite autorización de accesos. Expediente 2023042106.

5º.- Con data 03/07/2023, o xefe de Sección de Estruturas Agrarias e Obras da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, emite autorización para a implantación dunha gasoleira dentro da finca 632 do polígono 7 da zona de concentración parcelaria de Silleda (Silleda-Pontevedra). Ref.: 2023/01718.

6º.- Con data 13/07/2023, emitese acordo de autorización da Axencia Estatal de Seguridade Aérea de servidumes areonáuticas. Expediente I23-0667.

7º.- Con data 21/07/2023, o interesado, achega xustificante de tramitación do informe preliminar de situación de solos (IPS) ante o Servizo de prevención e control integrados da contaminación da Xunta de Galicia.

8º.- Con data 01/08/2023, a Deputación de Pontevedra emite autorización para a construción dunha unidade de subministro de combustible. Expediente 2023049914.

9º.- Con data 03/08/2023, PLENOIL S.L. achega copia de correo electrónico no que que Hidroeléctrica de Silleda manifiesta a su conformidade coas obras proxectadas.

10º.- Con data 17/08/2023, Hidroeléctrica de Silleda emite informe de conformidade.

11º.- En data 18/12/2023, PLENOIL S.L. achega proxecto refundido nomeado "*Refundido de Proxecto de obras e instalación de nova unidade de subministro (dous surtidores)*", para a construción dunha unidade de subministro de combustible desatendida situada no Lg. Agro do Campo, s/n; esquina EP-7201/N-525, concello de Silleda, (Referencia catastral 36052K507106320000EE) asinado polo enxeñeiro industrial Carlos Prego Mosquera (colexiado COIIG 2.349), co visado colexial 20233954 de data 18/12/2023.

12º.- Con data 19/12/2023 el Servicio de Calidade e Avaliación Ambiental de la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de la Xunta de Galicia, emitió Resolución pola que se formula a declaración de incidencia ambiental da actividade de unidade de suministro de combustible en réxime desatendido. Expediente PO/2023/031.

13º.- Constan alegacións formuladas por, D. Benigno Redondo Grela en nome e representación da Asociación Provincial de Empresarios de estacións de servizo de Pontevedra, D. Miguel Sánchez Campos actuando no seu nome e en representación da Asociación Galega de Distribuidores de Gasóleo (AGADIGAS), D. Manuel Colmenero Maril actuando no seu nome e en representación da entidade "USUGAL SL", y D^a. Eva Lojo González, formularon alegacións ao proxecto presentado.

14º.- Consta informe de Dona Verónica Chaves González, arquitecta técnica do Servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra, de data 29/02/2024, no que conclúe sobre a necesidade de emendar a documentación presentada.

15º.- Con data 27/03/24 PLENOIL S.L., achega 2º Refundido de Proxecto de obras e instalación de nova unidade de subministro, asinado polo enxeñeiro industrial Carlos Prego Mosquera, en marzo 2024 e visado polo colexio oficial correspondente o 27/03/2024 (núm. 20240849). **Inclúese declaración responsable firmada polo técnico redactor do proxecto, na que se indica que as modificacións introducidas neste segundo refundido do proxecto de obras e instalación de novas unidad de suministro, non implica ninguna alteración na memoria ambiental autorizada.**

16º.- Con data 01/04/2024, a Deputación de Pontevedra emite nova autorización de accesos, así como autorización para a execución das acometidas de pluviais, de saneamento e de abastecemento. Expediente 2023042106.

17º.- Con data 14/05/2024 PLENOIL S.L., achega:

- Separata do proxecto construtivo de accesos a parcela asinado o 21/03/2024 pola enxeñeira de camiños, canais e portos D. Lucrecia Rey Campos, e que motivou a emisión dunha nova autorización emitida pola Deputación de Pontevedra e que agora tamén se achega, respecto da modificación en accesos e acometidas realizadas.
- Escritura notarial de adxudicación parcial de herdanza e segregación.
- Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostenibilidade e Cambio Climático pola que se aproba o informe preliminar de situación do solo e implantación de medidas de control e seguimento, e separata do proxecto construtivo de accesos a parcela asinado o 21/03/2024 pola enxeñeira de camiños, canais e portos D. Lucrecia Rey Campos.

18º.- Con data 30/05/2024 a arquitecta técnica do Servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra, Dona Verónica Chaves González, **INFORMOU FAVORABLEMENTE** o expediente para a instalación de distribución ao por menor de produtos petrolíferos en réxime de desatendido (dous surtidores), no Lg. Agro do Campo, s/n; esquina EP-7201/N-525, concello de Silleda, (Referencia catastral 36052K507106320000EE) de acordo ao proxecto presentado asinado polo enxeñeiro industrial D. Carlos Prego Mosquera (Enxeñeiro Industrial colexiado 2.349), e no mesmo informe propón **REXEITAR as alegacións realizadas**, segundo e conforme a análise recollida no apartado cuarto do corpo do informe, para cada alegación de xeito diferenciado.

O informe favorable da arquitecta técnica recolle o seguinte:

“ASUNTO: Informe técnico no expediente de licenza de instalación de distribución ao por menor de produtos petrolíferos en réxime de desatendido(dous surtidores).

SITUACIÓN: Lg. Agro do Campo, s/n; esquina EP-7201/N-525, concello de Silleda, (Referencia catastral 36052K507106320000EE)

SOLICITANTE: Plenoil, SL

TÉCNICO: Carlos Prego Mosquera (Enxeñeiro Industrial colexiado 2.349)

No ámbito do servizo provincial de Asistencia xurídica e técnica aos Concellos da provincia de Pontevedra, procédese a emisión do informe técnico requirido en relación con solicitude do Concello de Silleda, respecto do proxecto técnico que acompaña.

1. NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado definitivamente mediante Orde do 23 de decembro de 2022 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro de 2023), con publicación normativa e entrada en vigor o 08 de maio do 2023 (BOP núm. 87, do 08 de maio de 2023) (En adiante PXOM do Concello de Silleda)*
- *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (En adiante LSG)*

- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. (En adiante RLSG)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia. (En adiante PBA)
- Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. (En adiante LECEGA).
- Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos. (En adiante RIAE).

2. ANTECEDENTES:

1º. Remítese aos do expediente administrativo.

2º. O 29.02.2024 emítese informe técnico requirindo aos interesados a emenda de aspectos relacionados coa solicitude presentada.

3º. O Concello do Silleda, con REX WEB2024020694 do 01.04.2024, remite a documentación presentada na súa sede en relación ao requirimento efectuado.

Os interesados acompañan novo documento técnico con denominación "2º Refundido de Proxecto de obras e instalación de nova unidade de subministro (dous surtidores)" asinado polo enxeñeiro industrial Carlos Prego Mosquera, en marzo 2024 e visado polo colexio oficial correspondente o 27.03.2024 (núm. 20240849). Este documento substitúe e anula os proxectos técnicos presentados con anterioridade.

O presente informe técnico versa respecto deste último proxecto técnico. Cuestión que se pasará a analizar a continuación.

4º. Posteriormente, trasladan dende o concello, en datas 05.04.2024 e 15.05.2024 con rexistros REX WEB2024022924 e REX WEB2024031353, autorización do infraestruturas respecto da modificación en accesos e acometidas realizadas; escritura notarial de adxudicación parcial de herdanza e segregación; Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostenibilidade e Cambio Climático pola que se aproba o informe preliminar de situación do solo e implantación de medidas de control e seguimento e separata do proxecto construtivo de accesos a parcela asinado o 21.03.2024 pola enxeñeira de camiños, canais e portos D. Lucrecia Rey Campos.

3. INFORME:

3.1. Aspectos requiridos a emendar:

-Analízase a continuación a presentación da documentación requirida:

1. Resulta necesario achegar:

_ A análise e xustificación completa de todas as determinacións esixibles reguladas nos art. 39º LSG e art. 59º, 60º, 61º e 62º do RLSG de aplicación.

Xustificación incluída en anexo 3 de normativa urbanística.

_ Deberá identificarse con claridade a configuración da parcela de referencia, indicando a súa superficie, lindes, etc. Deberá emendarse as discrepancias entre os distintos documentos públicos, co fin de concordar os distintos rexistros á realidade actual.

Configuración segundo se recolle no proxecto asinado polo técnico redactor. Plano 01.02. Superficie parcela 2.852,79m².

_ Xustificación normas de aplicación directa.

Xustificación incluída en anexo 3 de normativa urbanística.

_ A cuantificación expresa das superficies construídas de todas construcións e instalacións a executar; así como, representación en planta debidamente acoutada.

Xustificación no apartado 1.9, anexo 3 e plano 02.03. Existe unha lixeira modificación consistente nun pequeno incremento con respecto ao proxecto anterior e derivada da obriga da incorporación dun aseo máis para dispoñer de aseos diferenciados para ambos sexos, e un deles adaptado.

SUPERFICIES GENERALES	SUP. OCUPADA (m ²)	OCUPACIÓN (%)
Parcela	2.852,79	9,08
Unidad de suministro – superficie pavimentada	1.095,24	
Unidad de suministro – ocupación (huella)	259,17	-
Edificio auxiliar	22,96	-
Marquesina	250,00	-

EDIFICACIÓN AUXILIAR	
Cuarto técnico 1	5,61 m ²
Cuarto técnico 2	3,94 m ²
Aseo accesible	5,37 m ²
Aseo	2,83 m ²
Zona de pago	2,90 m ²
Superficie útil total	20,65 m ²
Superficie construída	22,96 m ²

_ Debe incluírse unha análise das condicións de abancalamiento na parcela, así como, estado dos terreos en relación superficie construída e estado natural.

Xustificación en anexo 3 de normativa urbanística. Xustifican acabado noiros con tratamento vexetal.

_ É preciso modificar a solución de acabado do peche, así como, dimensións do tótem publicitario de prezos, debendo axustarse as determinacións normativas aplicables.

Axuste dimensión do tótema 7,00m e peche da parcela en maía galvanizada. Axustado.

_ É necesario axustar o tratamento superficial da parcela en configuración de material e acabado ata a conexión co firme do camiño de acceso a mellorar, diferenciando ambos espazos. Ademais, respecto ás obras a executar no vial de titularidade pública, estarase ao sinalado no apartado 3 deste informe.

Separan ambos espazos dun xeito diferenciado: formigón no interior da parcela e pavimento asfáltico exclusivamente na esquina suroeste para facilitare mellorar a conexión e seguridade co camiño público e conexión coa estrada EP-7201.

_ Dado que existen discrepancias na forma de resolución dos puntos de conexión das redes de servizos entre o proxecto refundido e a información anterior, e á vista das obras previstas na EP-7201, deberá revisarse a solución proposta para as ditas conexións e someter o proxecto definitivo á correspondente autorización do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, toda vez que afectan ao ámbito de protección desta estrada.

Modifican a solución de entronque do camiño, así como, das obras dos puntos de conexión dos distintos servizos públicos: varían a solución inicial do punto de conexión coa rede municipal de abastecemento e coa de vertido das augas pluviais limpas (augas pluviais procedentes das cubertas e de escorrentía das zonas onde non se prevé contaminación por hidrocarburos). En todo caso, mantense o punto de vertido das augas residuais.

As modificacións anteriores derivan da execución do proxecto “Mellora da Mobilidade Peonil na EP7201 Cachafeiro-Silleda dende o P.Q. 21+0.70 ao P.Q.22+444” que se vai a realizar na estrada próxima por parte da Deputación de Pontevedra.

Neste sentido, acompañan nova autorización do Servizo de Infraestruturas e Vías Provincias do 03.04.2024 (expediente núm. 2023042106), na que se fai constar“[...]A mellora do acceso existente ó vial municipal, modificando a autorización preexistente con número de expediente 2023042106, con motivo da futura construción dunha estación de servizo á que se accederá exclusivamente dende dito vial municipal, segundo a separata do proxecto construtivo “Accesos á parcela para implantación de estación de servizo en Agro do Campo EP -7201 Silleda” con data marzo de 2024, a cal modifica o proxecto anterior que tiña o mesmo título que a separata e databa de xuño de 2023. Autorízanse asimesmo 3 cruces de calzada perpendiculares á estrada a unha profundidade mínima de 1 metro dende a xeneratriz superior das tuberías para as canalizacións de pluviais, de saneamento e de abastecemento respectivamente, debendo ubicarse as arquetas fóra da calzada e enrasadas co terreo, de maneira que non constitúan un obstáculo para a seguridade viaria. Os 3 cruces deberán situarse no mesmo p.q., próximos entre sí pero respetando as distancias segundo a normativa existente. Será necesario o fresado e reposición do firme con aglomerado en quente en todo o ancho de calzada e das beiravías a 5 metros a cada lado do cruce, conforme as prescricións do esquema adxunto. Asimesmo deberán repoñerse as marcas viarias afectadas[...].” Cunha serie de condicións que se deberán observar en todo caso.

Relacionado co anterior, cabe reiterar o recollido no anterior informe técnico emitido en data 29.02.2024, en relación co proxecto en separata presentado, de “Accesos a parcela para implantación de E.S. en Agro do Campo EP-7201, Silleda (Pontevedra)”, asinado pola enxeñeira de camiños,

canais e portos, Lucrecia Rey Campos, colexiada núm. 30.422, en marzo de 2024; que dado que se trata dun ben de titularidade pública, deberán instrumentalizarse os mecanismos administrativos procedentes para permitira súa realización.

2. Xustificación e adaptación completa as determinacións de uso aplicables de acordo coa normativa do plan en vigor (Uso industrial artigos 77 a 81 e uso comercial artigos 85 a 87 aplicables normativa PXOM).

Xustificación en anexo 3 de proxecto.

3. Unha declaración da persoa titular da actividade ou do establecemento, de ser o caso, suscrita por técnico competente, de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no plan urbanístico (Art. 24.1.c) LECEGA).

Acompañan Declaración Responsable asinada por parte de D. José Rodríguez de Arellano Asensi, en nome e representación da entidade mercantil Plenoil SL, suscrita polo técnico redactor do proxecto D. Carlos Prego Mosquera en data 26.03.2024 e 27.03.2024 respectivamente, no que declaran que cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no plan urbanístico.

4. En relación a posterior actividade a desenvolver, deberá completarse a solicitude da licenza de obras con toda a documentación relativa a actividade, recollida no apartado 1 do art. 24 da Lei 9/2013, do 19 de decembro (LECEGA) e art. 11.1 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro (RIAE), nos termos do art. 24.2 LECEGA e 11 e 13 RIAE. Xustificación e revisión do cumprimento da seguinte normativa técnica de aplicación: Real Decreto 2267/2004, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais; Normativa en materia de accesibilidade autonómica (Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade e Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro), e normativa en materia de protección contraa contaminación acústica (Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas. E normativa autonómica de aplicación, conforme Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia).

Xustificación incluída en Anexos nº 2 e 17.

5. As demais autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos: (Art. 353.2.i) e 364.1.g) RLSG):

- Necesaria presentación de Informe Preliminar do Solo (En virtude do art. 4 do Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e procedemento para a declaración de solos contaminados) e Resolución de aprobación por parte da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático do mesmo coa implantación de medidas de control e seguimento no establecemento.

Acompañaron IPS con número expediente: B93275394/2023/629938, e Resolución da Dirección

Xeral de Calidade Ambiental, Sustentabilidade e Cambio climático do 10.04.2024 pola que se aproba o informe preliminar de situación do solo e implantación de medidas de control e seguimento no emprazamento “Centro Silleda-Agro do Campo” da empresa Plenoil SL. Cunha serie de condicionantes que se deberán observar en todo caso.

-Acompañan, tamén, unha declaración responsable asinada polo técnico redactor do proxecto na que se indica que as modificacións introducidas no segundo refundido presentado non implica ningunha alteración das afeccións e medidas correctoras establecidas e validadas na memoria ambiental autorizada.

-A achega da documentación anteriormente analizada, cumprimenta e emenda as deficiencias detectadas no anterior informe técnico emitido en data 29.02.2024.

-As xustificacións técnicas realizadas, e os cambios levados a cabo na modificación do tratamento de acceso, a incorporación dun aseo, e adaptación nos puntos de conexións coas redes públicas derivadas das obras que se realizan na EP-7201, non se consideran modificacións substanciais que alteren ou modifiquen as autorizacións sectoriais outorgadas (unicamente a modificación da autorización outorgada polo titular da estrada EP-7201 incorporada) nin o Ditame de incidencia ambiental outorgado. Trátase de modificacións de control municipal, sobre as que se verificou o cumprimento dos parámetros urbanísticos de aplicación.

4. ALEGACIÓNS:

-Tras período de exposición pública aberto polo órgano ambiental correspondente, en relación coa tramitación do Ditame de incidencia ambiental da actividade solicitada de Estación de servizo, foron presentadas no rexistro do Concello de Silleda unha serie de alegacións ao contido do proxecto.

-Logo da notificación pertinente, o titular da actividade achega: “Resposta de alegacións ao modificado do proxecto de execución e actividade para unidade de subministro de combustible de dous surtidores” asinado polo técnico redactor do proxecto, Carlos Prego Mosquera o 21.12.2023 no que se rebaten as alegacións presentadas.

-Analízase a continuación, exclusivamente no eido urbanístico de aplicación, nos aspectos relacionados coa solicitude de licenza de obras e da posterior actividade a desenvolve e tendo en conta as 13 terminacións a comprobar nesta fase (nos termos dos art. 11, 15 e 78 do RIAE) segundo a estruturación do corpo das alegacións, sen prexuízo e criterio de orde superior:

4.1. Alegacións presentadas por parte de D. Benigno Redondo Grela en nome e representación da Asociación Provincial de Empresarios de estacións de servizo de Pontevedra:

PRIMEIRA: As estacións de servizo en réxime desatendido non están permitidas en Galicia.

Desestímase este precepto. O uso de gasoleira está permitido na clase de solo sobre a que se sitúa, en virtude dos artigos 35.1.I) e 36.1 da LSG e 50.1.I) e 51.1 do RLSC. Non especificándose nestes epígrafes, a exclusión do tipo de subministro de carburante polo seu réxime de funcionamento. Alegación xa desestimada no Ditame de incidencia ambiental outorgado.

SEGUNDA: Vulneración do artigo 37 da LSG mediante a apertura dun novo vial.

O camino de acceso ao que da fronte a finca polo sur é de titularidade pública segundo se recolle no informe do Servizo de Infraestruturas Agrarias do 29.09.2023 (Ref.: 2023/02094), no que se fai constar: “[...] Que segundo os datos que figuran neste servizo relativos ao expediente de concentración

parcelaria da zona de Silleda no Concello de Silleda, os camiños que lindan ao este das fincas 631 e 633 e o sur das fincas 631 e 632 son de titularidade pública[...]". Polo que procede rexeitar as manifestacións realizadas. Cúmpranse as determinacións do art. 37 da LSG.

4.2. Alegacións presentadas por parte de D. Miguel Sánchez Campos actuando no seu nome en representación da Asociación Galega de Distribuidores de Gasóleo (AGADIGAS):

PRIMEIRA: Inexistencia de puntos de recarga eléctrica.

O proxecto inclúe un punto de recarga eléctrica.

SEGUNDA: Apertura dun vial en solo rústico, que non é público nin está previsto no planeamento urbanístico.

O camiño de acceso ao que da fronte a finca polo sur é de titularidade pública segundo se recolle no informe do Servizo de Infraestruturas Agrarias do 29.09.2023 (Ref.: 2023/02094), no que se fai constar: "[...] Que segundo os datos que figuran neste servizo relativos ao expediente de concentración parcelaria da zona de Silleda no Concello de Silleda, os camiños que lindan ao este das fincas 631 e 633 e o sur das fincas 631 e 632 son de titularidade pública[...]". Polo que procede rexeitar as manifestacións realizadas. Cúmpranse as determinacións do art. 37 da LSG.

TERCEIRA: Incumprimentos en relación ao deseño do proxecto: estrutura da marquesiña, vertidos...

Xustificación de deseño e cálculo incluída no proxecto técnico e documento de resposta de alegacións presentado.

En relación a determinacións en materia ambiental estase ao disposto no Ditame de Incidencia Ambiental outorgado, así como as medidas autorizadas de control e seguimento no Informe preliminar de situación do solo.

CUARTA: Relación de incumprimentos derivados do réxime de desatendido da unidade de subministro.

Trátase dunha actividade incluída na normativa básica estatal para a instalación de subministración de vehículos. Xustifícase en proxecto o cumprimento de todas as terminacións esixibles no Real decreto 706/2017, do 7 de xullo, polo que se aproba a instrución técnica complementaria MI-IP 04.

QUINTA: Afección irreversible ao nivel freático, humidadeis ...

O presente proxecto conta con resolución favorable do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 20.12.2023 pola que se formula a Declaración de Incidencia Ambiental da actividade de referencia, no que conclúese que non é previsible que vaia producir impactos adversos significativos, sempre que se cumpran as condicións ambientais especificadas na documentación achegada polo promotor, as indicadas polos organismos consultados e as establecidas na declaración. As alegacións en materia ambiental enténdense resoltas nos seus aspectos ambientais na resolución e condicionantes impostos.

Conta a maiores con Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sustentabilidade e Cambio climático do 10.04.2024 pola que se aproba o informe preliminar de situación do solo e implantación de medidas de control e seguimento no emprazamento “Centro Silleda-Agro do Campo”, no que se establecen as determinacións para o seguimento da posible afección que sobre a calidade do solo poida ocasionar o desenvolvemento desta actividade, así como presentación de certificados de estanquidade entre outras cuestións en condicións e obrigas aos que están suxeitos.

Non procede estimar as alegacións nos termos realizados.

4.3. Alegacións presentadas por parte de D. Manuel Colmenero Maril actuando no seu nome e en representación da entidade “USUGAL SL”:

PRIMEIRA.A): Falta de acceso rodado de uso público.

O camiño de acceso ao que da fronte a finca polo sur é de titularidade pública segundo se recolle no informe do Servizo de Infraestruturas Agrarias do 29.09.2023(Ref.:2023/02094), no que se fai constar: “[...]Que segundo os datos que figuran neste servizo relativos ao expediente de concentración parcelaria da zona de Silleda no Concello de Silleda, os camiños que lindan ao este das fincas 631 e 633 e o sur das fincas 631 e 632 son de titularidade pública[...]”. Polo que procede rexeitar as manifestacións realizadas. Cúmprese as determinacións do art. 37 da LSG.

(B): Parcela inferior a mínima esixida no artigo 362.1 da normativa urbanística do PXOM.

Non aplicable. En virtude da Disposición Transitoria segunda e da DT 1ª.1.d) da LSG por tratarse dun planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, aplicaráselle o disposto na LSG para o solo rústico. A LSG establece no art. 39 unha parcela mínima de 2.000m².

SEGUNDA, TERCEIRA, CUARTA, QUINTA: Determinacións en relación a distancias a pozos de auga, grao de permeabilidade do solo, risco de derrames e vertidos, risco de hábitats de fauna e especies vexetais...

O presente proxecto conta con resolución favorable do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 20.12.2023 pola que se formula a Declaración de Incidencia Ambiental da actividade de referencia, no que conclúese que non é previsible que vaia producir impactos adversos significativos, sempre que se cumpran as condicións ambientais especificadas na documentación achegada polo promotor, as indicadas polos organismos consultados e as establecidas na declaración. As alegacións en materia ambiental enténdense resoltas nos seus aspectos ambientais na resolución e condicionantes impostos.

Conta tamén con Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sustentabilidade e Cambio climático do 10.04.2024 pola que se aproba o informe preliminar de situación do solo e implantación de medidas de control e seguimento no emprazamento “Centro Silleda-Agro do Campo”, no que se establecen as determinacións para o seguimento da posible afección que sobre a calidade do solo poida ocasionar o desenvolvemento desta actividade, así como presentación de certificados de estanquidade entre outras cuestións en condicións e obrigas aos que están suxeitos.

SEXTA: Risco de proximidade de estacións de subministro de combustible.

Non se atopa limitada na actualidade a distancia de separación con respecto a outras estacións de subministro. No proxecto xustifícase o cumprimento de todas as determinacións esixibles no Real Decreto 706/2017, do 7 de xullo, polo que se aproba a instrución técnica complementaria MI-IP 04.

4.4. Alegacións presentadas por parte de D. Eva Lojo González:

PRIMEIRA: Incompatibilidade do proxecto coa explotación gandeira lindante:

O uso e aproveitamento solicitado de unidade de subministro está permitido na clase de solo sobre a que se sitúa, en virtude dos artigos 35.1.I) e 36.1 da LSG e 50.1.I) e 51.1 do RLSG. Na normativa específica de aplicación non se regulan distancias de protección nos termos alegados.

A actividade conta con resolución favorable do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 20.12.2023 pola que se formula a Declaración de Incidencia Ambiental, no que conclúe que non é previsible que vaia producir impactos adversos significativos, sempre que se cumpran as condicións ambientais especificadas na documentación achegada polo promotor, as indicadas polos organismos consultados e as establecidas na propia declaración.

Cuestión analizada no informe recollido nesta resolución por parte do Servizo de Gandaría do 09.10.2023 en relación a explotación indicada.

SEGUNDA: Que o proxecto non ten en conta a existencia de augas subterráneas e pozos de captación de auga na parcela limítrofe.

Cuestión analizada no informe incluído na Resolución de Ditame por parte da xefatura territorial de Pontevedra da Consellería de Sanidade e informe asinado o 02.11.2023 pola farmacéutica inspectora de saúde pública, así como restantes determinacións tidas en conta nas condicións ambientais do Ditame emitido.

TERCEIRA, CUARTA, QUINTA: Grao de permeabilidade do solo, risco de derrames e vertidos, risco de hábitats de fauna e especies vexetais ...

O presente proxecto conta con resolución favorable do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 20.12.2023 pola que se formula a Declaración de Incidencia Ambiental da actividade de referencia, no que conclúe que non é previsible que vaia producir impactos adversos significativos, sempre que se cumpran as condicións ambientais especificadas na documentación achegada polo promotor, as indicadas polos organismos consultados e as establecidas na declaración. As alegacións en materia ambiental enténdense resoltas nos seus aspectos ambientais na resolución e condicionantes impostos.

Conta tamén con Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sustentabilidade e Cambio

climático do 10.04.2024 pola que se aproba o informe preliminar de situación do solo e implantación de medidas de control e seguimento no emprazamento “Centro Silleda-Agro do Campo”, no que se establecen as determinacións para o seguimento da posible afección que sobre a calidade do solo poida ocasionar o desenvolvemento desta actividade, así como presentación de certificados de estanquidade entre outras cuestións en condicións e obrigas aos que están suxeitos.

SEXTA: Risco de proximidade de estacións desubministrode combustible.

Non se atopa limitada na actualidade a distancia de separación con respecto a outras estacións de subministro. No proxecto xustifícase o cumprimento de todas as determinacións esixibles no Real Decreto 706/2017, do 7 de xullo, polo que se aproba a instrución técnica complementaria MI-IP 04.

SÉPTIMA (Denominada PRIMEIRA no escrito de alegacións). A): Falta de acceso rodado de uso público.

O camiño de acceso ao que da fronte a finca polo sur é de titularidade pública segundo se recolle no informe do Servizo de Infraestruturas Agrariasdo 29.09.2023(Ref.:2023/02094), no que se fai constar: “[...]Que segundo os datos que figuran neste servizo relativos ao expediente de concentración parcelaria da zona de Silleda no Concello de Silleda, os camiños que lindan ao este das fincas 631 e 633 e o sur das fincas 631 e 632 son de titularidade pública[...]”. Polo que procede rexeitar as manifestacións realizadas. Cúmprese as determinacións do art. 37 da LSG.

(B): Parcela inferior a mínima esixida no artigo 362.1 da normativa urbanística do PXOM.

Non aplicable. En virtude da Disposición Transitoriasegunda e da DT 1ª.1.d) da LSG por tratarse dun planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, aplicaráselle o disposto na LSG para o solo rústico. A LSG establece no art. 39 unha parcela mínima de 2.000m2.

CONCLUSIÓN:

1º.- *Á vista da documentación presentada, e no que se refire ao estrito cumprimento dos aspectos urbanísticos obxecto de control municipal previo á concesión de licenza de obras, e sen prexuízo doutros informes que procedan, **INFÓRMASE FAVORABLEMENTE** o presente expediente para a instalación de distribución ao por menor de produtos petrolíferos en réxime de desatendido (dous surtidores), no Lg. Agro do Campo, s/n; esquina EP-7201/N-525, concello de Silleda, (Referencia catastral 36052K507106320000EE) de acordo ao proxecto presentado asinado polo enxeñeiro industrial D. Carlos Prego Mosquera (Enxeñeiro Industrial colexiado 2.349); coa observancia das seguintes condicións:*

1. Na zona verde da parcela disporanse sebes ou masas vexetais irregulares de especies autóctonas, de modo que adquiren un aspecto semellante ás formacións vexetais naturais que diminúan a visibilidade da instalación. Os noiros resultantes, deberán contar coa mínima altura imprescindible e serán debidamente revexetados.

2. Será necesaria autorización municipal para a conexión e vertido da rede de evacuación de augas residuais á rede de saneamento pública.

3. Farase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística. (Art. 39.e) LSG).

4. Deberá procederse á regularización e formalización nos distintos rexistros públicos a superficie da edificación, conforme á superficie recollida e certificada no proxecto técnico, dado as discrepancias actuais existentes entre o título propiedade, Rexistro da Propiedade e Catastro Inmobiliario.

5. Deberanse observar e cumprir íntegra e obrigatoriamente todas as condicións e requisitos impostos e recollidos na Declaración de Incidencia Ambiental da actividade de unidade de subministración de combustible en réxime de desatendido de referencia do 20.12.2023 outorgada por parte Resolución do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

6. Igualmente, cumprírase co preceptuado nas restantes autorizacións outorgadas por parte dos organismos sectoriais afectados: Servizo de Infraestruturas de Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, Infraestruturas Agrarias da consellería de Medio Rural e AESA. Así como as da resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sustentabilidade e Cambio climático pola que se aproba o informe preliminar de situación do solo e a implantación de medidas de control e seguimento.

7. Unha vez rematadas as obras deberá presentarse, nos termos dos artigos 24 da LECEGA, 11 do RIAE e 364 RSLG, comunicación previa para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento a que se refire. Esta comunicación, deberá vir acompañada dos rexistros e da documentación certificatoria final esixida regulamentariamente.

***2º.-*Respecto das obras incluídas no documento en separata presentado de “Accesos a parcela para implantación de E.S. en Agro do Campo EP-7201, Silleda (Pontevedra)”, asinado pola enxeñeira de camiños, canais e portos, Lucrecia Rey Campos, colexiada núm. 30.422, en marzo de 2024; dado que se trata dunha intervención sobre un ben de titularidade pública, deberán instrumentalizarse os mecanismos administrativos procedentes para permitir a súa realización.

***3º.-*En relación as alegacións presentadas, nos aspectos de eido técnico analizado, e a salvo de criterio de orde superior mellor fundamentado en dereito, proponse REXEITAR as alegacións realizadas, segundo e conforme a análise recollida no apartado cuarto do corpo do informe, para cada alegación de xeito diferenciado.

O que se informa aos efectos oportunos e no eido das funcións deste servizo.

Pontevedra, na data da sinatura dixital

A arquitecta técnica do Servizo de Arquitectura

Verónica Chaves González”

19º.- Consta compromiso de execución das obras de accesos a parcela emplazada en lugar Agro do Campo, s/n, termo municipal de Silleda, por parte do promotor da obra solicitante da presente licenza, onde di:

“D. Jose Rodríguez de Arellano Asensi, en nome e representación de la mercantil Plenoil SL, con NIF: B93275394, constituída por tempo indefinido ante el notario de Málaga, Don Manuel Tejuca García, el día 24 de julio de 2013, con número de protocolo 1.985 inscrita en el Registro mercantil de Málaga, Hoja. - MA-119478, tomo 5.173, libro 4080, folio 124, inscripción 1.

Actúa como Consejero-Delegado según escritura otorgada el 4 de febrero de 2022, ante el Notario Don Jose Enrique Cachón Blanco, con el número 319 de su protocolo, que se inscribió en el Registro Mercantil de Madrid, al tomo 38.925, libro 0, folio 18 hoja MA-691792, inscripción 31ª poder que manifiesta vigente, y con domicilio a efectos de notificaciones en Calle Torrelaguna, nº 64-2ª planta, 28043 Madrid.

Su domicilio social se sitúa en la Calle Torrelaguna, nº 64-2ª planta, 28043 Madrid, según escritura 2022/1159 autorizada Don Jose Enrique Cachón Blanco, inscrita con fecha 25 de abril de 2022, tomo 38925, folio 21, inscripción 37 con hoja M- 691792.

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Que se compromete a la correcta ejecución de las obras de accesos a la instalación de unidad de suministro de combustible que se construirá en parcela emplazada en lugar Agro do Campo, s/n, esquina EP-7201/N-525 de Silleda (Pontevedra), incluidas en el proyecto constructivo de accesos firmado en fecha 21/03/2024 por la ingeniera de caminos, canales y puertos D. Lucrecia Rey Campos.”

20º.- Consta informe xurídico asinado pola Secretaria do Concello o 07/06/2024.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.-LICENZAS URBANÍSTICAS

Pódese definir o termo licenza urbanística como un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de natureza regrada, mediante o cal a Administración leva a cabo un control preventivo sobre a actividade dos administrados para asegurar que a actuación proxectada se axusta á ordenación urbanística.

As licenzas otórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico e **sempre deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.**

A denegación das licenzas urbanísticas deberá ser motivada, con explícita referencia ás normas ou determinación do planeamento urbanístico que se incumplan no proxecto para o que se solicita.

Así o establecen os artigos 142, 143 e 144 da Lei 2/2016 LSG e arts.348 e ss do RLSG.

SEGUNDO.-OBXECTO DA LICENZA URBANÍSTICA

A distinción entre **obra maior e menor** implica en si mesmos importantes efectos xurídicos e leva decisivas consecuencias prácticas. Con todo, para a definición do que podemos entender como obra maior e menor aínda temos que seguir acudindo á xurisprudencia nunha gran parte das Comunidades Autónomas. Nos últimos anos, no entanto, empezaron a incluírse nas lexislacións urbanísticas autonómicas definicións máis ou menos precisas do concepto de obra maior e menor; conceptos, por outra banda, que na maior parte dos casos limitáronse a recoller as clásicas definicións xurisprudenciais existentes.

A importancia da distinción trae importantes consecuencias prácticas. Algunha delas non expón maiores dificultades de catalogación*.* No entanto hai supostos nos que non queda claro se estamos ante obra maior ou menor sendo que diso dependerá por exemplo, o que sexa necesario ou non proxecto, con todo o que iso á súa vez implica.

Xurisprudencia á que temos que acudir cando se nos expoñan supostos concretos que requiren una interpretación (técnica) para decidir se se trata de obra maior ou menor:

- Sentenza do Tribunal Supremo de 25 de abril de 1989 (en relación, Sentenza do Tribunal Supremo de 28 de maio de 1981 e de 21 de febreiro de 1884, 23 de xaneiro de 1916, 11 de marzo de 1978, 16 de xaneiro e 2 de febreiro de 1979, 19 de maio e 13 de xuño 1980 e 26 e 27 de maio de 1981)
- Sentenza do Tribunal Supremo de 20 de febreiro de 1990 e 9 de outubro de 1990.
- Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 19 de maio de 2000
- Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía de Málaga de 25 de febreiro de 2000 «(...) Como lembra a Sentenza do Tribunal Supremo de 9 de outubro (...) o concepto xurídico indeterminado obras maiores ou obras menores deberá aplicarse en cada caso concreto atendendo ao volume da obra, á súa transcendencia ou perigo para a efectividade da ordenación urbanística e, no último termo, á complexidade ou sinxeleza do proxecto».
- Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Estremadura de 24 de outubro de 2006 (no mesmo sentido a Sentenza 29 de marzo de 2006 do citado Tribunal).

Podemos chegar á conclusión, con base á xurisprudencia, (polo menos en canto a edificacións refírese) se o proxecto técnico se esixe para as denominadas obras maiores (STS de 4 de abril de 1995 e Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 19 de maio de 2000) e o artigo 2.2 e 2.3 da Lei 38/1999, de 5 de novembro de Ordenación da Edificación establece que (...) requirirán un proxecto segundo o establecido no artigo 4 as seguintes obras (...) parece que chegamos á conclusión que estas obras do artigo 2 son as que deben ser denominadas maiores (ao necesitar proxecto técnico)].

TERCEIRO.- A competencia para outorgar as licenzas corresponde aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local.

O procedemento para o outorgamento das licenzas urbanísticas tramitarase e resolverá conforme á lexislación vixente en materia de réxime local e do procedemento administrativo común, ás

especialidades procedimentales establecidas na lexislación urbanística e no presente regulamento.

Na tramitación do procedemento darase cumprimento a cantos trámites e actuacións veñan establecidos por normas sectoriais en atención ao contido específico da actuación urbanística de que se trate, nos termos e cos efectos sobre o procedemento previstos nas mesmas.

Tramitaranse conxuntamente, nun único procedemento, as solicitudes simultáneas de licenzas referidas a un mesmo inmovible ou parte do mesmo.

A resolución que se adopte diferenciará cada licenza outorgada, conservando cada una a súa propia natureza.

CUARTO.- Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo fosen realizados en terreos de dominio público, esixiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impedirá ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No caso de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requirisen a previa avaliación de impacto ambiental, non poderá outorgarse a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando fose negativa ou se incumpriron as medidas correctoras determinadas na mesma.

Non poderá presentarse a comunicación previa nin concederse licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando fosen procedentes de acordo co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

QUINTO.- O **PROCEDEMENTO** para levar a cabo a concesión de licenza de obra maior é o seguinte:

A- A solicitude de licenza deberá conter os seguintes datos e documentos:

- Datos identificativos da persoa física ou xurídica promotora e, no seu caso, de quen a represente, así como una dirección ao efecto de notificacións.
- Descrición suficiente das características do acto de que se trate, que detalle os aspectos básicos do mesmo, a súa localización e a edificación ou inmovible ao que afecte, así como a referencia catastral do mesmo.
- Xustificante de pago dos tributos municipais.
- Proxecto completo redactado por técnico competente.

Una vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo

(artigo 143.3 da LSG).

Enténdese por proxecto técnico o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van a realizar co suficiente contido e detalle para permitirle á Administración coñecer o obxecto daquelas e decidir se se axustan ou non á normativa urbanística aplicable e ao resto das condicións sinaladas na mesma. O proxecto terá que xustificar tecnicamente as solucións propostas de conformidade coas especificacións requiridas pola normativa técnica aplicable.

Devandito proxecto técnico conterà una memoria urbanística, como documento específico e independente, na que se indicará a finalidade e o uso da construción ou actuación proxectada, razoándose a súa adecuación á ordenación vixente, con expresa indicación da clasificación e cualificación do solo obxecto da actuación e da normativa e das ordenanzas aplicables a el.

A memoria do proxecto desenvolverá os argumentos necesarios para xustificar o cumprimento do preceptuado no artigo 216 e acompañarase dos correspondentes planos de situación a escala axeitada, así como de calquera outra información gráfica que resulte precisa para apoiar o seu contido.

Igualmente, conterà una memoria xustificativa do cumprimento das condicións previstas na normativa sectorial.

Cando o proxecto se desenvolva ou complete mediante proxectos parciais ou outros documentos técnicos sobre tecnoloxías específicas ou instalacións do edificio, manterase entre todos eles a necesaria coordinación.

- Oficio de dirección das obras, no que se identificará o técnico ou técnicos aos que se lles teñen encomendadas.
- Documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que vaian destinadas as obras.
- Copia da autorización ou ditame ambiental, así como das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente exixibles.
- No seu caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal.

B. Se a solicitude non reúne os requisitos esixidos, requirirase á persoa solicitante para que emende a falta ou presente os documentos preceptivos no prazo de dez días, con indicación de que, de non facelo, teráselle por desistida da súa petición, previa resolución que así o declare.

Declarado o desistimiento da solicitude de licenza á que se refire o apartado anterior, ou no caso de declaración de caducidade da mesma, poderase solicitar nova licenza achegando de novo a documentación ou solicitando a incorporación ao expediente da documentación que figurase no que sexa arquivado.

C. Será necesario informe técnico dos Servizos Municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística. No informe técnico farase constar, ademais, se é necesario algún informe ou autorización doutra Administración ou da Comunidade Autónoma.

D. O concello remitirá a documentación presentada ás autoridades competentes para que emitan as

autorizacións, concesións ou informes sectoriais que sexan legalmente exixibles e que non tivesen que ser presentados coa solicitude.

E. Emitidos os informes e autorizacións preceptivos, e previo informe xurídico, corresponderá resolver sobre o outorgamento da licenza ao Alcalde, de conformidade o artigo 61.1 ou) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en relación co artigo 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e, sen prexuízo, tal como acontece no Concello de Silleda, do réxime de delegación de competencias efectuado pola Alcaldía a favor da Xunta de Goberno Local (Resolución de data 31 de xaneiro de 2024)

A resolución mediante a que se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outras especificacións requiridas polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes extremos:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará.
- c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.
- d) Orzamento de execución material.
- e) Situación e emprazamento das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de leira rexistral, de atoparse inscrita.
- f) Nome ou razón social da persoa promotora.
- g) Técnico autor do proxecto e, no seu caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.
- h) Prazos para o inicio e final das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.
- i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

F. A Resolución de Alcaldía (neste caso o acordo da Xunta de Goberno Local) será notificada aos interesados aos efectos oportunos.

Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e de acódea contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

SEXTO.- No informe da arquitecta técnica, determina que *“A parcela está clasificada no PXOM do Concello de Silleda como **solo rústico**, dentro das categorías de especial protección agropecuaria (SRPA) e protección de infraestruturas (SRPI) nos ámbitos da zona de protección das estradas: N-525 de titularidade estatal e EP-7201 Cachafeiro-Silleda, de titularidade provincial.*

En virtude da Disposición Transitoria 1ª.1.d) da LSG por tratarse dun planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, aplicaráselle o disposto na LSG para o solo rústico (Modificación introducida pola Lei 10/2023, do 28 decembro, de medidas fiscais e administrativas).”

Cómpre indicar que cando un terreo polas súas características poida corresponder a varias categorías de solo rústico, aplicaranse os distintos réximes de forma complementaria. (Art. 34.4 LSG e art. 49.4 RLSG).

En consecuencia resulta de aplicación, aos efectos dos usos e actividades nesta clase de solo, o réxime establecido nos artigos 35 a 37 LSG e 50 a 55 RLSG e condicións para as edificacións nos artigos 39 LSG e 59 a 63 RLSG.

-O uso pretendido, de estación de servizo en subministración de carburante, ten encaixe dentro do uso seguinte: **“Instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así como, en todo caso, as de subministro de carburante”**, recollido dentro dos usos e actividades admisibles no solo rústico segundo os art. 35.1.I) e 36.1 da LSG e 50.1.I) e 51.1 do RLSG.

No caso de solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal, así como dos restantes organismos sectoriais afectados. (Art. 36.2. LSG e 51.2. RLSG).

Polo tanto, o uso e actividade de estación de servizo resulta un uso permitido e compatible co planeamento municipal vixente debendo obter autorización ou informe favorable previo por parte dos organismos sectoriais afectados.

Recóllese igualmente nese informe da Arquitecta Técnica asinado o 29 de febreiro de 2024 que:

“A parcela está incluída na zona de protección da estrada N-525 de titularidade estatal, polo que resulta de aplicación a lexislación sectorial na materia (Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas), especialmente no que se refire ás delimitacións das zonas de dominio público, servidume, afección e liña límite de edificación, así como, o réxime de autorizacións por parte do Organismo titular da vía, previsto na devandita lexislación para calquera tipo de obras, instalacións ou cambios de usos.

O art. 34.2.e) LSG e art. 49.2.e) RLSG, identifica o solo rústico de protección de infraestruturas. Correspondendo por tanto á parcela de referencia, no ámbito ata a delimitación da zona de afección da estrada N-525, de 50m, nos termos do art. 32 da Lei 37/2015, do 29 de setembro, a categorización de solo rústico de especial protección de infraestruturas. Neste caso as obras, obxecto do presente expediente, non se atopan dentro da zona de protección desta estrada, polo que non é preciso autorización por parte deste organismo.”

SÉTIMO.- PROCEDIMENTO DE OUTORGAMENTO DE LICENZAS (artigo 143 LSG e 352 e seguintes do Decreto 143/2016)

1. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

2. A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

3. Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo.

Con todo, as disposicións previstas no citado precepto desenvólvense nos artigos 352 a 359 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, onde se describe de forma máis detallada o procedemento a seguir para a concesión de licenzas esixindo a emisión dos correspondentes informes técnico e xurídico con carácter previo á resolución do expediente de referencia; informes que deberán versar sobre a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente.

Xunto aos anteriores extremos destaca igualmente:

- A determinación legal do prazo, de 3 meses, no que terá que resolverse o citado procedemento con aplicación dun silencio administrativo positivo tan só naqueles supostos nos que o solicitado non resulte contrario á normativa ou ao plan urbanístico de aplicación. Previsión a citada que debe tomarse en consideración sen obviar as previsións do art. 114 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana.
- A previsión legal expresa, a través do artigo 145 da Lei de aplicación, de que o propio acto de outorgamento da licenza deberá concretar os prazos de caducidade daquela por causa de demora no comezo, interrupción ou fin das obras, así como a concreción, dun prazo por defecto para o inicio e o remate das obras (seis meses no primeiro caso e tres anos no segundo).

OITAVO.- Especial fincapé fai a normativa urbanística a respecto da prelación entre as licencias urbanísticas e outros títulos ou licencias administrativas necesarias **en función da actividade** que se pretenda levar a cabo na obra proxectada, determinando que:

1.- A falta de autorización ou concesión demanial ou a súa denegación -cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo se pretendan levar a cabo en terreos de dominio público- impedirá a concesión da licenza urbanística correspondente.

2.- Cando na obra proxectada se prevea o desenvolvemento dunha actividade, será preciso concretar tal circunstancia de maneira expresa con motivo da presentación da solicitude de licenza de obras,

poñer en coñecemento da Administración municipal os datos que identifican da mesma actividade e achegar, tamén coa solicitude de licenza, a documentación prevista no artigo 24 da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia así como a contida no art. 364 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

3.- No caso de que os actos de edificación ou uso do solo e do subsolo requiran previa avaliación de impacto ambiental, non poderá outorgarse licenza municipal con anterioridade á citada declaración de impacto polo órgano ambiental competente ou cando a mesma resultase negativa.

4.- Non poderá outorgarse licenza sen o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando fosen procedentes de acordo co disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia ou o seu Regulamento de Desenvolvemento; en particular, determina o art. 356 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal, de conformidade co previsto nos artigos 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 51.2 do mesmo regulamento.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- DESESTIMAR AS ALEGACIÓNS presentadas por:

- D. Benigno Redondo Grela en nome e representación da Asociación Provincial de Empresarios de estacións de servizo de Pontevedra,
 - D. Miguel Sánchez Campos actuando no seu nome e en representación da Asociación Galega de Distribuidores de Gasóleo (AGADIGAS),
 - D. Manuel Colmenero Maril actuando no seu nome e en representación da entidade "USUGAL SL", e
 - D^a. Eva Lojo González,
- en base ó exposto no informe da Arquitecta técnica Dona Verónica Chaves González asinado o 30 de maio de 2024.

SEGUNDO.- Conceder a **PLENOIL S.L.**, licenza de obra nova para a **CONSTRUCCIÓN DUNHA UNIDADE DE SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE DESATENDIDA** situada no Lg. Agro do Campo, s/n; esquina EP-7201/N-525, Concello de Silleda, (Referencia catastral 36052K507106320000EE), segundo o "**2º Refundido de Proxecto de obras e instalación de nova unidade de subministro (dous surtidores)**" asinado polo enxeñeiro industrial Carlos Prego Mosquera, en marzo 2024 e visado polo colexio oficial correspondente o 27.03.2024 (núm. 20240849). Este documento substitúe e anula os proxectos técnicos presentados con anterioridade, cun orzamento de execución material de 381.664,82 €, baixo a dirección facultativa do enxeñeiro industrial Carlos Prego Mosquera, así como o proxecto constructivo de accesos a parcela asinado pola enxeñeira de camiños, canais e portos D. Lucrecia Rey Campos, en datas 25/05/2023 e 21/03/2024, cun orzamento de execución material de 58.350,56 €, baixo a dirección facultativa da enxeñeira de camiños, canais e portos D. Lucrecia Rey Campos.

TERCEIRO.- As actuacións consistirán na instalación dunha unidade de servizo constituída por unha área de subministración definida a través dunha edificación auxiliar de planta baixa de 22,96 m² e altura de 2,95 metros destinado a oficina, cuarto de instalacións, dúos aseos, un deles accesible, e zona de pago-control; unha marquesiña de protección ao usuario cunha superficie total de cubrición de 250 m² cunha altura de 5,20 metros e dous (2) illotes onde se sitúan os surtidores, e dous depósitos soterrados independentes nun foso, cunha capacidade de 60.000 litros para Diésel e o outro cunha capacidade de 40.000 litros para Gasolina SP-95. Así como os accesos correspondentes.

A parcela está clasificada no PXOM do Concello de Silleda como solo rústico, dentro das categorías de especial protección agropecuaria (SRPA) e protección de infraestruturas (SRPI), En virtude da Disposición Transitoria 1^a.1.d) da LSG por tratarse dun planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da LSG e adaptado á *Lei 9/2002, do 30 de decembro*, aplicaráselle o disposto na LSG para o solo rústico (Modificación introducida pola *Lei 10/2023, do 28 decembro*, de medidas fiscais e administrativas).

CUARTO.- A licenza otórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Ademáis as actuacións deberán dar **ESTRITO CUMPRIMENTO Ó RECOLLIDO NOS INFORMES TÉCNICOS E SECTORIAIS QUE FIGURAN NO MESMO EXPEDIENTE.**

Como así ven establecido no informe da Arquitecta técnica asinado o 30 de maio de 2024 que recolle o seguinte:

1. Na zona verde da parcela disporanse sebes ou masas vexetais irregulares de especies autóctonas, de modo que adquiren un aspecto semellante ás formacións vexetais naturais que diminúan a visibilidade da instalación. Os noiros resultantes, deberán contar coa mínima altura imprescindible e serán debidamente revexetados.
2. Será necesaria autorización municipal para a conexión e vertido da rede de evacuación de augas residuais á rede de saneamento pública.
3. Farase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie exhibible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística. (Art. 39.e) LSG).
4. Deberá procederse á regularización e formalización nos distintos rexistros públicos a superficie da edificación, conforme á superficie recollida e certificada no proxecto técnico, dado as discrepancias actuais existentes entre o título propiedade, Rexistro da Propiedade e Catastro Inmobiliario.
5. Deberanse observar e cumprir íntegra e obrigatoriamente todas as condicións e requisitos impostos e recollidos na Declaración de Incidencia Ambiental da actividade de unidade de subministración de combustible en réxime de desatendido de referencia do 20.12.2023 outorgada por parte Resolución do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
6. Igualmente, cumprírase co preceptuado nas restantes autorizacións outorgadas por parte dos organismos sectoriais afectados: Servizo de Infraestruturas de Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, Infraestruturas Agrarias da consellería de Medio Rural e AESA. Así como as da

resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sustentabilidade e Cambio climático pola que se aproba o informe preliminar de situación do solo e a implantación de medidas de control e seguimento.

7. Unha vez rematadas as obras deberá presentarse, nos termos dos artigos 24 da LECEGA, 11 do RIAE e 364 RSLG, comunicación previa para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento a que se refire. Esta comunicación, deberá vir acompañada dos rexistros e da documentación certificatoria final esixida regulamentariamente.

QUINTO.- Respecto das obras incluídas no documento en separata presentado de “**Accesos a parcela para implantación de E.S. en Agro do Campo EP-7201, Silleda (Pontevedra)**”, asinado pola enxeñeira de camiños, canais e portos, Lucrecia Rey Campos, colexiada núm. 30.422, en marzo de 2024; dado que se trata dunha intervención sobre un ben de titularidade pública, o Concello de Silleda acepta o compromiso da correcta execución das obras de accesos á instalación de unidade de subministro de combustible que se construírá na parcela sita no lugar Agro do Campo, s/n, esquina EP-7201/N-525 de Silleda (Pontevedra).

SEXTO.- Notificar o presente acordo ós interesados.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE